

A través da Biblioteca podes atopar información para realizar os traballos de clase ou de investigación, as prácticas, completar apuntamentos, estar ao día na túa profesión, preparar as clases e acceder a materiais de lectura como novelas e cómics.

## HORARIO E CONTACTO

De luns a venres de **8:30 a 21:30**.

Modifícase nalgunas datas.

Teléfono: 881012769

Correo electrónico: [biblioteca.euatac@udc.gal](mailto:biblioteca.euatac@udc.gal)

Redes sociais:   

## ORGANIZACION

A Biblioteca dispón de 144 postos de lectura en tres plantas.

Na **planta baixa** atópase o mostrador de información e préstamo, os expositores de novedades, CDs e DVDs, o cuarto de reprografía cun escáner A4 e fotocopiadora (que funciona con tarxetas que se compran en Reprografía), 5 ordenadores (para consulta de recursos da biblioteca) e parte do fondo bibliográfico (ata a signatura 69).

Na **planta 1** atópase o resto do fondo bibliográfico (desde a signatura 691), un ordenador e a Hemeroteca.

Na **planta 2** temos unha sala para traballo en grupo cos libros do número 9 e as obras de referencia (Signatura 03).

## WEB DA BIBLIOTECA

Usa a web da Biblioteca <https://www.udc.es/biblioteca/>

-Para acceder ao **catálogo**: buscar libros, consultar a bibliografía recomendada, ver as novedades, consultar o teu rexistro de usuario, reservar libros prestados, renovar...

-Para acceder a outros recursos e servizos: consultar **bases de datos**, **revistas electrónicas**, solicitar proxectos bibliográficos, **préstamo interbibliotecario** (doutras bibliotecas que non son da UDC), consultar as **infoguías**, acceder ao xestor de bibliografía **Reworks**, ao Repositorio da UDC (**RUC**)...

Tamén podes emplegar a nosa web: <https://www.udc.gal/gl/biblioteca.euat/>

### Acceso desde fora da UDC:

Para acceder a parte destes recursos (bases de datos, revistas e libros electrónicos) desde un ordenador que non estea na rede UDC hai dúas opciones: acceder vía web da biblioteca autenticándose tal e como se indica en la páxina [Acceso desde fuera](#); acceder vía catálogo previa [identificación como membro da comunidade universitaria da UDC](#)

## COMO ENCONTRO...

### ... un libro?

-Consulta o catálogo, mira se está dispoñible, anota a signatura e búscalo no andel.

Nos laterais dos andeis atoparás as signaturas que se corresponden a materias. (Por exemplo, se a signatura que buscas é 69/0100 debes buscar o andel do 69 que é Construcción e nela o 100).

-Se a signatura empeza por **DEP**, ese libro está en Depósito e has de solicitalo no mostrador.

Todo o material que temos en Depósitos **non sempre se pode servir no momento**.

-Tamén podes ir directamente aos andeis. A maioría dos fondos atópanse en acceso directo seguindo unha **clasificación por materias**:

### NA PLANTA BAIXA:

- 004** Informática
- 004:69** Informática e edificación
- 004:72** Arquitectura dixital
- 006** Normas
- 33** Economía
- 34** Dereito, lexislación
- 378** Educación e Socioloxía
- 504** Medio ambiente
- 504:72** Arquitectura e medio ambiente, sustentable
- 51** Matemáticas
- 515** Xeometría descriptiva
- 528** Topografía
- 528.4** Orzamentos, medicións, valoracións...
- 53** Física e acústica
- 624** Estruturas
- 624.1** Mecánica do chan, cimentacións
- 628** Instalacións
- 658** Organización de empresas, obras, calidade...
- 659** Catálogos comerciais

**69** Construción  
**DVD**  
**CD-ROM**

### NA PLANTA 1:

- 691** Materiais
- 699** Seguridade e hixiene
- 7** Historia da arte
- 71** Urbanismo
- 712** Xardíns e paisaxismo
- 72.01** Teoría arquitectónica, tratados
- 72.02** Restauración e rehabilitación. Patoloxía
- 72.03** Historia da arquitectura e da construcción
- 72.067** Arquitectura popular
- 721** Edificios
- 74** Debuxo
- 747** Interiorismo
- 76** Artes gráficas e Deseño
- 77** Fotografía
- 802** Gramáticas, Literatura
- M (Monografías)** Sobre un arquitecto
- BIC AQT** Biblioteca de interese cultural: novela, cómic.

### NA PLANTA 2:

- 9** Xeografía e Historia
- 03** Dicionarios e obras de referencia

- Os libros que levan un **punto vermello** no lombo son de consulta na sala.

### ... libros electrónicos?

-Localiza entre os resultados dunha busca no catálogo os libros que teñen unha ligazón **Dispoñible en liña** ou filtra os resultados por **Dispoñibilidade: En Liña**.

### ... bibliografía recomendada?

-Consulta a través de la sección del **catálogo Bibliografía Recomendada**. Podes buscar por nome da materia, código (que figura na guía docente) ou profesor. Na nosa web hai **listaxes** por cursos.

- No andel son recoñecibles porque os libros levan no lombo unha **etiqueta amarela B.R.**

### ... unha norma UNE?

-Podes consultar as normas UNE a través da base de datos **Aenormás**. Sírveche da axuda da **guía do Servizo de Biblioteca da UDC**.

### **... unha revista?**

- Búscala no catálogo. Mira se ten acceso a texto completo ou aos índices electrónicos, pode ser útil. Comproba se a temos na nosa biblioteca e se hai o número que buscas.

-Na planta 1, na **Hemeroteca**, os últimos números das revistas **abertas** están expostos por orde alfabética e abrindo o expositor atopamos os números do ano en curso e o anterior.

- As revistas non se prestan. Podes escanealas ou fotocopiarlas respectando os dereitos de propiedade intelectual.
- A beira dos expositores da Hemeroteca, temos cartafoles con **sumarios** fotocopiados.

### **... artículos?**

-Consulta o catálogo [Crunia](#), [bases de datos](#), sumarios electrónicos ([Dialnet](#)) e revistas electrónicas.

### **... Proxectos de Fin de Carrera/Grao ou Mestrado?**

-Búscalo no catálogo, anota a signatura (comezará **TFC**, **PFG**, ou **TFM**) e pídeos en mostrador.

Os que están en CD-ROM poderás consultalos nos 2 ordenadores reservados para iso.

Os que están en papel (**TFC**) están no **depósito** e non se serven no momento.

- Lembra, podes tomar nota, pero **non copialos, nin fotocopiálos e non se prestan**.

-Os **Traballos Fin de Grao e Fin de Máster** recentes están en pdf no Repositorio da Universidade ([RUC](#)).

- Non esquezas citalos para non cometer plaxio.

### **... mapas?**

-Búscalo no catálogo e pídeo no mostrador.

-Os **topográficos de Galicia** podes buscalos nun mapa de Galicia e solicitar no mostrador o que che interesa.

### **... CDs, DVDs e Videos?**

-Busca no catálogo, anota a signatura e pídeo no mostrador ou búscalo tu mesmo nos caixóns.

## **PRESTAMO**

Se es estudiante da UDC podes levar en préstamo **10 documentos durante 10 días**, de calquera biblioteca da UDC. Se estás co Fin de Grao, 15 documentos durante 21 días.

Tes que presentar o tarxeta universitaria ou o DNI. E has de estar validado no servizo de identificación corporativa da Universidade.

- Hai algúns fondos con préstamo diferente: **un mes** a Biblioteca de Interese Cultural (BIC) e **tres días** materiais de uso moi frecuente.

Se o documento está noutra biblioteca da UDC, podes facer unha solicitud de **préstamo intercentros** e elixir en que biblioteca recollelo. Podes devolver os teus préstamos en calquera biblioteca da UDC.

### **Renovacións:**

Poden renovarse se non teñen unha reserva (os préstamos de tres días só se renovarán dúas veces).

- Podes renovar presencialmente, por teléfono (881012769) ou [a través da web](#) da biblioteca.

### **Reservas:**

A través do Catálogo podes reservar **exemplares que estan prestados**, tamén podes facelo no mostrador da biblioteca.

### **Penalizacións:**

Se te atrasas na devolución, sancionaráselle sen poder levar libros por un número de días (cun máximo de 40) igual á suma dos días de atraso de cada un dos libros.

### **Avisos:**

Consulta o teu correo UDC para ver se os teus préstamos están próximos a vencer e para ter información da chegada ou cancelación das tuas reservas.

## **OUTROS SERVIZOS**

### **Préstamo de ordenadores portátiles**

Dándole de alta no servizo, podes coller prestado un notebook durante unhas horas para utilizarlo no centro.

### **Servizo de taquillas**

Podes usar as taquillas que temos á entrada da biblioteca, (teñen que estar baleiras ao fin do día).

# **GUÍA BÁSICA DA BIBLIOTECA**



Biblioteca da Escola Universitaria de Arquitectura Técnica

Teléfono: 881012769

Correo electrónico: [biblioteca.euatac@udc.gal](mailto:biblioteca.euatac@udc.gal)

Setembro 2023

